DIARIOS DE OZU

Yasujiro Ozu, 2025

1863

ESTREA EN NUMAX: 21.11.2026 | V.O.S.E. | TP | 137 min

Unha viaxe ao mundo íntimo de Yasujirô Ozu a través dos seus diarios privados, cartas e fotografías inéditas, coa participación de cineastas como Wim Wenders, Kiyoshi Kurosawa, Tsai Ming-liang ou Luc Dardenne.

Título orixinal: The Ozu Diaries
Ano: 2025
Duración: 137 minutos
Idioma orixinal: Inglés / Xaponés
Dirección: Daniel Raim
Guión: Masa Nakamura
Participación: Yasujiro Ozu, Kogo Noda, Wim Wenders, Kiyoshi Kurosawa, Luc Dardenne, Tsai Ming-liang
Montaxe: Yayoi Kawahito, Jonathan Liebert
Son: Takuya Kawakami, Paul Seradarian
Música: David Lebolt
Fotografía: Kôichi Furuya
Produtora: Adama Films (EEUU)
Distribuidora: A Contracorriente Films



DIARIOS DE OZU

Yasujiro Ozu, 2025

EUROPA CINEMAS
Creative Europe MEDIA

O ser humano detrás das películas

Para os admiradores do director xaponés Yasujiro Ozu (1903-1963) este documental sobre a súa vida e a súa obra será un fermoso e tenro momento de lembralo e repasar a súa frondosa filmografía. Poderán gozar, ademais, do testemuño de importantes cineastas que opinarán sobre o seu traballo, expresando o seu respecto e afecto por el, aínda cando, talvez, non o coñeceron persoalmente.

Daniel Raim constrúe o seu filme a partir dos seus diarios, cadernos de guerra, cartas, entrevistas e filmacións inéditas, recuperando a voz do propio cineasta. Revisita as súas películas e relaciónaas con experiencias que o director e guionista tivo ao longo da súa non tan longa vida: a relación co seu pai, ausente por longos períodos, a guerra, a súa amizade con Sadao Yamanaka, o proceso creativo impulsado por botellas e botellas de sake, os seus filmes máis recoñecidos, a súa obsesión por retratar as relacións familiares, o seu sentido do humor. Unha biografía íntima nun relato con sabor a nostalxia.

No filme Kiyoshi Kurosawa explica de forma particularmente reveladora o poder do cinema de Ozu: "A maioría da xente, ao ver as súas películas por primeira vez, sente que todo flúe con naturalidade; a primeira vista parece real, pero hai algo estrañamente irreal, oculto. É coma se estivésemos a albiscar o mesmísimo segredo do cinema". Tamén opinan no filme outros recoñecidos directores como Wim Wenders e Luc Dardenne. Un verdadeiro pracer para cinéfilos.

Publicado en elespectadorcompulsivo.wordpress.com

Na libraría
NUMAX
numax.org/libraría

La poética de lo cotidiano,
Yasujiro Ozu.
Gallo Nero

NUMAX
numax.org